

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia da filosofía	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

As culturas humanas constitúense e recoñécense de acordo coas respostas que ofrecen para as cuestións máis fundamentais. Entre estas cuestións atópanse as referidas á orixe, natureza e sentido do cosmos, ao propio ser e destino do ser humano, á posibilidade e as formas do coñecemento, e á definición daqueles valores (a verdade, o ben, a xustiza, a beleza) que consideramos adecuados para orientar as nosas accións e creacións. Agora ben, aínda que as cuestións son, en esencia, as mesmas, a variabilidade histórica das formas en que se formulan e das tentativas de solución é aparentemente enorme. O obxectivo da materia de Historia da Filosofía é percorrer o camiño no que estas preguntas e respostas se deron, dunha forma distintivamente crítica e racional, no devir do pensamento occidental, sen que iso signifique ignorar a riqueza e relevancia doutras tradicións de pensamento. Este obxectivo é dunha importancia sobresaínte para o logro da madurez persoal, social e profesional do alumnado. Aventurarnos a explorar a vida das ideas filosóficas, na relación complexa e dialéctica que manteñen historicamente entre si e con outros aspectos da nosa cultura, é tamén explorar a intrincada rede de conceptos e representacións sobre a que pensamos, desexamos, sentimos e actuamos. Así, lonxe de ser un mero compendio erudito de coñecementos, a materia de Historia da Filosofía debe representar para as alumnas e os alumnos un fascinante exercicio de descubrimento do conxunto de ideas e valores que sustentan tanto a súa forma de ser como a da súa propia época e contorna social.

Ademais, aínda que a materia de xeito ineludible mire sempre de esguello as probas xerais ao remate do curso no que se imparte, preséntase como unha continuidade da disciplina impartida no primeiro curso de bacharelato. Se alí se buscaba fornecer o alumno dunha serie de conceptos básicos, dun vocabulario mínimo para a comprensión filosófica, agora a materia Historia da Filosofía presenta nunha perspectiva histórica e ampliada os problemas e conceptos tratados con anterioridade. Deste xeito, a óptica histórica debe afianzar a comprensión dos grandes problemas filosóficos apuntados, que agora lle deben aparecer ao alumnado baixo unha perspectiva máis rica e complexa.

Para lograr as metas propónse o desenvolvemento dunha serie de obxectivos que, máis aló de profundar nos procedementos da indagación filosófica cos que se traballou en primeiro de bacharelato, e do coñecemento significativo dalgunhas das máis importantes concepcións, documentos, autores e autoras da historia do pensamento occidental, lle dean ao alumnado a posibilidade de analizar criticamente as ideas coas que pensa, identificándoas na súa orixe máis remota e perseguíndoas no transcurso das súas variacións históricas. Esta análise histórica e dialéctica das ideas debe atender tanto ás súas relacións de oposición e complementariedade co resto das ideas filosóficas como á súa conexión coa xeneralidade das manifestacións culturais, políticas ou sociais en que aquelas ideas se expresan e xunto ás que cabe contextualizalas. Por iso nesta proposta se insístese en comprender a historia do pensamento filosófico, non de maneira illada, limitándoa ao coñecemento dos seus textos, autores e autoras máis relevantes, senón en relación coa totalidade do contexto histórico e cultural no que as ideas se descubren, xeran e manifestan, atendendo ás múltiples expresións e fenómenos sociais, políticos, artísticos, científicos ou relixiosos nos que podemos encontrar e incardinar estas ideas e, máis especificamente, inquirindo sobre elas en textos e documentos de carácter literario, histórico, científico ou de calquera outro tipo. O fin último é que o alumnado, unha vez que entenda as teorías e controversias filosóficas que articularon a historia do pensamento occidental, estea en mellores condicións para adoptar unha posición propia, dialogante, crítica e activa ante os problemas do presente e os retos e desafíos do século XXI.

Cada un dos obxectivos referidos relaciónase cos obxectivos xerais de etapa para bacharelato e coas competencias clave, e máis directamente con determinados criterios de avaliación. Estes criterios entenderanse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición dos devanditos obxectivos. Dado este enfoque competencial, os criterios de avaliación, sempre en relación cos contidos, deberán atender ineludiblemente tanto aos procesos de aprendizaxe como ao produto ou resultante destes. Doutra banda, tales criterios terán que poñerse en práctica a través de instrumentos de avaliación diferenciados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe en que deba concretarse o desenvolvemento dos citados obxectivos.

En canto aos criterios de avaliación e os contidos, estes están distribuídos en tres bloques, referidos a tres intervalos históricos especialmente significativos na historia do pensamento filosófico occidental: a orixe e desenvolvemento da filosofía na Antigüidade grega, o xurdimento da modernidade europea a partir das súas raíces no pensamento e a cultura medieval e, por último, o clímax e a crise do pensamento moderno ata chegar ao heteroxéneo panorama filosófico dos nosos días. En cada un destes tres bloques enúncianse aqueles contidos que resulta esencial tratar nun curso básico de historia da filosofía no bacharelato, sen prexulgar o grao de atención que deba prestárselle a cada bloque e coñecemento nin a forma de articulalos, de maneira que se poidan seleccionar aqueles que conveña tratar por extenso e aqueloutros que se comprendan de maneira complementaria ou contextual.

Os criterios de avaliación e os contidos organizáronse arredor dunha serie de problemas filosóficos fundamentais e a partir do diálogo que con respecto a eles mantiveron e manteñen entre si diferentes pensadoras e pensadores desta

ou de diferentes épocas. Preténdese evitar así a mera relación diacrónica de autores ou textos canónicos e darlle á materia unha orientación máis temática. Ademais, propónse abordar cada un deses problemas non só a través de textos de eminente natureza filosófica e dun nivel adecuado ao carácter básico da materia, senón tamén mediante a análise complementaria de textos e documentos literarios, historiográficos e de calquera outro tipo, que sexan pertinentes e teñan ou tivesen relevancia histórica en relación co problema tratado.

Doutra banda, nos tres bloques propónse analizar a situación da muller no ámbito da filosofía, coa intención de reparar o agravio histórico con respecto a aquelas filósofas que foron marxinaadas no canon tradicional pola súa simple condición de mulleres, medida que se complementa coa atención que no derradeiro bloque se lle presta ao pensamento feminista como unha das concepcións máis representativas da historia recente das ideas. O abandono, así mesmo, dos catro períodos historiográficos tradicionais pretende subliñar o aspecto dinámico e interconectado das distintas etapas ou fases da historia do pensamento filosófico, así como darlle un maior peso á análise do pensamento moderno e contemporáneo, que é o protagonista dos dous últimos bloques, sen que iso supoña esquecer o inmenso e riquísimo caudal de cuestións e ideas que representa o pensamento antigo e medieval.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, analizar, interpretar, producir e transmitir información relativa a feitos histórico-filosóficos, a partir do uso crítico e seguro de fontes e o dominio de técnicas sinxelas de investigación, para xerar coñecementos e producións propias sobre a historia dos problemas e ideas filosóficos.	1-2-3			1-3	40	3	3	
OBX2 - Recoñecer as normas e pautas da argumentación e o diálogo filosóficos, mediante a súa identificación e análise en distintos soportes e a través de diversas actividades, para aplicarlas con rigor na construción e exposición de argumentos e no exercicio do diálogo cos demais.	1-5		1		31	2-3		1-32
OBX3 - Comprender e expresar diferentes concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante o achegamento ás súas fontes e o traballo crítico sobre estas, para desenvolver o coñecemento dun acervo que constitúe parte esencial do patrimonio cultural común.						1-2-3		1
OBX4 - Recoñecer a natureza esencialmente plural e diversa das concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante a súa posta en relación dialéctica, de confrontación e complementariedade, para xerar unha concepción complexa e dinámica da historia do pensamento, e promover unha actitude tolerante e comprometida coa resolución racional e dialogada dos conflitos.	2					1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer o modo en que se formularon sucesivamente, a través de distintas épocas e concepcións filosóficas, os mesmos problemas filosóficos, mediante a análise e interpretación de textos e outros modos de expresión filosófica ou máis amplamente culturais historicamente dados, para afrontar tales problemas a partir da reflexión crítica sobre o coñecemento do achegado pola tradición.	2					1-2-3		1
OBX6 - Recoñecer as formas diversas en que os interrogantes filosóficos e os seus intentos de resposta se presentaron historicamente noutros ámbitos da cultura, mediante a análise interpretativa de textos e outras manifestacións pertencentes a eses ámbitos, para promover unha concepción sistemática, relacional e complexa da historia da cultura occidental e do papel das ideas filosóficas nela.	2					1-2-3		1
OBX7 - Analizar problemas fundamentais e de actualidade, mediante a exposición crítica de distintas posicións histórico-filosóficas relevantes para a comprensión e discusión daqueles, para desenvolver a autonomía de xuízo e promover actitudes e accións cívica e eticamente consecuentes.					40	1-2-3-4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Historia da filosofía e a orixe da filosofía	Introdución á disciplina da Historia da filosofía e aproximación ao pensamento dos presocráticos sobre a realidade.	5	6	X		
2	A filosofía na Época Clásica	Tratamento da filosofía dos sofistas, Sócrates, Platón e Aristóteles en torno aos principais problemas filosóficos da súa época.	20	15	X		
3	A filosofía na Época Helenística	Introdución ás principais escolas filosóficas no helenismo (cinismo, estoicismo, epicureísmo e escepticismo) e breve aproximación á filosofía na Antigüidade tardía (Hipatia de Alexandría).	5	6	X		
4	A filosofía na Idade Media	Percorrido polas principais filosofías da Idade Media e tratamento do problema da relación entre razón e fe.	10	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A filosofía na Idade Moderna	Estudo das principais correntes de pensamento da Idade Moderna (racionalismo e empirismo).	20	15		X	
6	A filosofía na Ilustración	Estudo das características do pensamento ilustrado facendo fincapé na filosofía de Kant.	10	9		X	
7	A creba do proxecto político ilustrado	Estudo da filosofía política de Marx no século XIX e da teoría crítica na Escola de Franckfurt xunto á crítica ao totalitarismo por Hannah Arendt no século XX.	10	9			X
8	A crise da filosofía occidental	Aproximación ao pensamento de Nietzsche no século XIX e á filosofía existencialista no século XX.	10	12			X
9	O pensamento feminista desde a Ilustración	Percorrido pola xénese e desenvolvemento do pensamento feminista dende a Ilustración ata a actualidade, facendo fincapé na filosofía de Olympe de Gouges, Mary Wollestonecraft e Simone de Beauvoir.	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Historia da filosofía e a orixe da filosofía	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA1.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	TI	30
CA1.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á historia da filosofía. - A universalidade dos problemas aos que se enfronta. - A historicidade das concepcións filosóficas propostas. - Os métodos de traballo en historia da filosofía. - O xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos. - A orixe grega da filosofía occidental. A filosofía noutras tradicións culturais. - A cosmovisión mítica. - A teorización filosófica como proposta dunha cosmovisión racional. - O pensamento dos presocráticos sobre a realidade.

UD	Título da UD	Duración
2	A filosofía na Época Clásica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA1.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.	TI	30
CA1.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.		
CA1.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O século V, o esplendor de Atenas.
- A democracia ateniense e a época de Pericles.
- Aspasia de Mileto e o papel da muller na cultura e na filosofía gregas.
- A reflexión sofista sobre o individuo e a cidadanía.
- A figura de Sócrates e o compromiso coa polis.
- O problema da realidade.
- A solución platónica: a teoría das ideas e o dualismo ontolóxico e a súa problematicidade.
- As críticas aristotélicas á teoría das ideas. Hilemorfismo, teoría das causas e teleoloxismo na natureza.
- O problema do coñecemento.
- Os conceptos universais en Sócrates.
- A teoría platónica do coñecemento. A dialéctica como saber. A reminiscencia.
- O proceso de coñecemento segundo Aristóteles. Experiencia sensible e o traballo do entendemento.
- A antropoloxía na filosofía clásica.
- O método socrático e o coñecemento de si.
- O dualismo antropolóxico platónico. A teoría da alma.
- As funcións da alma en Aristóteles.
- A discusión ética.
- O intelectualismo socrático.
- A fundamentación teórica da xustiza e as virtudes en Platón.
- Eudemonismo e virtudes na ética aristotélica.
- O debate político.
- O isomorfismo ético-político en Platón: o estado xusto e o papel da educación.
- O ser humano como animal político. A reflexión aristotélica sobre a polis.

UD	Título da UD	Duración
3	A filosofía na Época Helenística	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA1.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.	TI	30
CA1.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.		
CA1.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A época helenística. - Alexandre Magno. Da polis ao imperio. - Filosofía, ciencia e cultura no helenismo. A figura de Hipatia de Alexandría. - As grandes escolas morais no helenismo. Estoicismo e epicureísmo.

UD	Título da UD	Duración
4	A filosofía na Idade Media	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA2.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	TI	30
CA2.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A asimilación do pensamento grego pola filosofía cristiá. Etapas e cuestións fundamentais na filosofía medieval. - O encontro do cristianismo coa filosofía grega. - A patrística: o neoplatonismo en Agostiño de Hipona. - A filosofía árabe e xudía. - A escolástica. O aristotelismo en Tomé de Aquino e a crise da escolástica en Guillerme de Ockham. - A personalidade polifacética de Hildegard von Bingen. - O problema da relación entre fe e razón na filosofía medieval. De Agostiño a Ockham.

UD	Título da UD	Duración
5	A filosofía na Idade Moderna	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA2.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.	TI	30
CA2.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais		
CA2.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O nacemento da modernidade europea. - O Renacemento. - A reforma protestante. - A revolución científica. - O xiro epistemolóxico da modernidade. - O racionalismo: René Descartes. - O empirismo: David Hume. - O debate metafísico na modernidade. - A teoría cartesiana das substancias. - O materialismo desde Thomas Hobbes á ilustración. - A cuestión da orixe e fundamento da sociedade e o poder na modernidade. - A ruptura co pensamento político medieval. - A teoría do contrato social. Thomas Hobbes, John Locke e Jean-Jacques Rousseau.

UD	Título da UD	Duración
6	A filosofía na Ilustración	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA2.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.	TI	30
CA2.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.		
CA2.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A Ilustración como cumio da modernidade. - O proxecto ilustrado: potencia e límites da razón. - Os dereitos do home. - A filosofía crítica de Immanuel Kant e o problema da metafísica como ciencia. - A ética formal kantiana fronte ás éticas materiais (éticas da felicidade e utilitarismo).

UD	Título da UD	Duración
7	A creba do proxecto político ilustrado	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	TI	30
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. - O pensamento galego no século XX.

UD	Título da UD	Duración
8	A crise da filosofía occidental	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.	TI	30
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A creba do pensamento filosófico occidental. - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. - A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano.

UD	Título da UD	Duración
9	O pensamento feminista desde a Ilustración	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Explica por escrito as propostas filosóficas que se lle piden.	PE	70
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Realiza unha síntese comparativa do tema mediante un visual thinking, esquema ou táboa comparativa, recollendo as principais teses, escolas, filósofos e filósofas dunha mesma época.		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Analiza textos filosóficos, relacionándoos co seu contexto histórico, identificando o problema ou autor e a tese, e relacionándoo con outros autores e con outros elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	TI	30
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Participa nun diálogo argumentando a súa opinión de forma rigorosa, evitando a actitude dogmática e fomentando o respecto cara as opinións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. - O pensamento feminista na actualidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo ás orientacións pedagóxicas que establece a ORDE do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta, a intervención educativa na materia de Historia da Filosofía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. Neste sentido, en canto ás concrecións metodolóxicas da materia, seguiranse as seguintes liñas de actuación:

O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo, e promovan o traballo en equipo.

A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de

aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

O desenvolvemento efectivo da competencia persoal, social e de aprender a aprender, que nesta materia pode supor un pulo e sentido definitivo para que o alumnado, entendendo a historia das ideas, se comprenda a si mesmo, como parte crítica e reflexiva da sociedade globalizada en que se atopa.

A concreción, en consonancia co espírito competencial da materia, para entendela desde o «aprender a filosofar» kantiano como lema orientador.

A disposición da actividade indagadora do alumnado como centro e fin de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

A profundación no desenvolvemento daquelas competencias desenvolvidas na materia Filosofía de primeiro de bacharelato.

A contribución ao logro da autonomía intelectual, moral e da madurez cívica do alumnado.

A conveniencia ineludible de insistir na comprensión da historia da filosofía no contexto cultural que lle serve de marco, evitando un tratamento illado e puramente academicista desta.

A posta en valor da filosofía como unha ferramenta idónea para tratar de xeito reflexivo e crítico as máis graves cuestións que rexen a actualidade, especialmente aquelas referidas á equidade entre os seres humanos, a xustificación dos dereitos humanos, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e os problemas ecosociais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes coas explicacións teóricas
Taboleiro dixital con recursos variados
Portafolios persoal do alumnado

Para esta materia non é necesario mercar libro de texto: a docente facilitará os materiais de estudo. Na aula virtual da materia, o alumnado atopará uns taboleiros dixitais creados para cada unha das unidades didácticas que compoñen o curso. A través deles, o alumnado poderá acceder a todo o material empregado na aula (poderá descargar os apuntes que se entregan na aula, os textos empregados, as guías para os traballos e comentarios...) e ademais terá acceso a materiais para poder afondar máis en cada unidade didáctica (segundo as medidas de enriquecemento curricular), vídeos explicativos, enlaces a artigos dixitais, diferentes recomendacións cinematográficas e suxestións de lecturas relacionadas con cada unidade didáctica.

Recoméndase ao alumnado que elabore o seu propio portafolios para esta materia, é dicir, que dispoña dunha carpeta de aprendizaxe na que poida gardar de forma ordenada e ben presentada todo o material que irá recompilando nesta materia ao longo do curso (apuntes, textos, esquemas, reflexións, traballos, fichas de lectura, etc.).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten unha finalidade diagnóstica: serve para determinar as capacidades e coñecementos previos do alumnado, así como a súa actitude, motivación ou interese. O propósito desta fase da avaliación é adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás súas características, para asegurarnos de que as medidas de atención á diversidade sexan as correctas e de que a metodoloxía que imos despregar sexa a máis axeitada. A avaliación inicial tamén busca facer ao alumnado consciente dos seus coñecementos previos, necesidades e intereses e espertar neles unha motivación cara á aprendizaxe. A primeira unidade didáctica desta materia servirá como introdución á materia de Filosofía e permitiranos realizar unha valoración dos coñecementos, destrezas, necesidades, capacidades e actitudes do alumnado. Para a realización da avaliación inicial terase en conta:

A observación sistemática do traballo individual ou colectivo e as actitudes do alumnado, para o cal nos serviremos do caderno docente. Isto dará lugar a que se regule de forma axeitada a xestión grupal da aula. Se non observamos hábitos de traballo colaborativo no alumnado, introduciremos gradualmente diferentes técnicas: parellas, dobres parellas, etc. Dependendo do nivel de conflitividade observado na aula, consideraremos se é necesario establecer de

maneira consensuada unhas normas básicas de convivencia ou unha reordenación da ubicación do alumnado na aula.

A corrección de probas específicas deseñadas para medir o nivel de coñecementos previos, incidindo especialmente sobre os contidos máis transversais das materias que teñan que ver coa competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión oral e escrita) e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender (prestando atención á interacción, ao diálogo e ao recoñecemento e respecto cara os demais), por ser estas as competencias que comportan un maior peso nas materias do Departamento de Filosofía. Dependendo do nivel de desempeño competencial demostrado, reforzaranse técnicas e ferramentas de traballo básicas ou avanzaranse máis rápido sobre elas, sen que isto implique restar importancia ao proceso de sentar as bases de traballo en cada unha das materias.

A realización por parte do alumnado dun cuestionario persoal acerca dos seus intereses, metas, expectativas e dificultades de aprendizaxe. Esta ferramenta proporciónanos información sobre como se perciben conscientemente os nosos alumnos e alumnas a eles mesmos, pero non exige dunha observación allea a esa autopercepción para detectar outras posibles necesidades que han de quedar cubertas por un correcto plan de atención á diversidade. A obtención de datos sobre as súas metas ou intereses permitiranos relacionar os contidos da materia con eses intereses particulares, para reforzar a motivación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	20	5	10	20	10	10	10	10	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Cualificación de cada avaliación trimestral: Ao final de cada avaliación realizarase unha proba escrita para avaliar as unidades didácticas traballadas ao longo dese trimestre. A cualificación de dita proba terá un peso dun 70% na nota da avaliación. O outro 30% da nota obterase a partir da realización das tarefas ou traballos propostos para cada unidade didáctica. Para ter unha cualificación positiva na avaliación trimestral será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 entre a proba escrita (70%) e os traballos (30%).

O alumnado poderá mellorar a súa cualificación trimestral mediante a realización de lecturas de carácter voluntario: para contribuír ao plan lector do centro, realizaremos suxestións de lecturas relacionadas cos contidos de cada unidade didáctica, que o alumnado pode levar a cabo de maneira completa durante cada trimestre. A avaliación da lectura realizarase mediante unha ficha de análise e reflexión na que o alumnado demostrará a súa comprensión do libro así como a súa valoración crítica do mesmo. Tamén se realizará unha breve entrevista oral para intercambiar co alumnado as súas impresións sobre as lecturas realizadas. Cada lectura poderá sumar 0,25 puntos sobre a nota da avaliación trimestral.

Cualificación da avaliación final: A cualificación final do curso obterase da media obtida entre as cualificacións correspondentes a cada unha das tres avaliacións que compoñen o curso (tendo en conta a nota real con decimais e non a aproximación realizada no boletín de notas trimestral). Para que a cualificación sexa positiva deberá acadarse unha nota media igual ou superior a 5.

O plaxio e as prácticas deshonestas na demostración das aprendizaxes por parte do alumnado serán penalizadas: Se a docente observa que algún alumno ou alumna realiza un exame de maneira deshonesto coas normas que se aplican para a demostración obxectiva das aprendizaxes o exame será penalizado cunha cualificación de 0 sen dereito á recuperación trimestral, debendo acudir o alumno ou alumna á recuperación da avaliación extraordinaria se a súa nota media obtida a partir das tres avaliacións trimestrais non fose igual ou superior a 5. Exemplos de prácticas deshonestas nos exames: copiar con chuletas, empregar o teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de almacenaxe de datos, preguntar aos compañeiros ou copiar deles, interromper un exame de forma disruptiva ou dicir as respostas dalgunha pregunta en alto, etc. Respecto aos traballos individuais ou colectivos que sexan realizados de forma deshonesto ou incurrido en plaxio, serán penalizados cunha cualificación de 0 sen posibilidade de

recuperación, aplicándose o mesmo criterio que nos exames (se na cualificación da avaliación final non se acada unha nota igual ou superior a 5, deberán presentarse á recuperación mediante a avaliación extraordinaria). Exemplos de prácticas deshonestas nos traballos: realizar un traballo individual copiando por algún compañeiro ou compañeira, incluíndo a paráfrase a partir dos traballos dos demais nos traballos que impliquen reflexión propia; plaxiar contidos da Internet ou doutras fontes (o plaxio implica que non se citen as fontes ou se pretenda empregar as palabras dos demais como as propias, o cal atenta contra o dereito á propiedade intelectual); encargar a realización do traballo a outra persoa (ante a presentación dun traballo realizado na casa, o alumnado ha de poder demostrar posteriormente que o traballo foi realizado por el mesmo mediante unha avaliación de carácter oral sobre dito traballo: isto aplícase tamén ás fichas e traballos sobre as lecturas voluntarias), etc.

O alumnado deberá respectar as datas de entrega acordadas para os diferentes traballos: os traballos e fichas de lectura entregados fóra do prazo establecido sen causa xustificada non serán avaliados.

Onde se recollerán as cualificacións do alumnado? As cualificacións do alumnado recolleranse no caderno docente. O alumnado recibirá a cualificación dos traballos realizados do seguinte xeito: cando sexan traballos escritos, poñeráselle a nota no traballo e este seralle devolto coas correccións oportunas; cando a tarefa consista en participar nun diálogo na aula ou nunha exposición oral, a cualificación realizarase de xeito oral e inmediatamente posterior a dita tarefa, quedando rexistrada dita cualificación no caderno docente e podendo tomar nota o alumnado de dita cualificación. O alumnado deberá revisar os exames realizados, sobre os que figurará a nota dos mesmos e as observacións e correccións realizadas pola profesora. Ademais de ver os exames na aula, o alumnado poderá solicitar unha revisión máis pormenorizada e individualizada do seu propio exame nun recreo acudindo ao Departamento de Filosofía.

Criterios de recuperación:

Recuperación dunha avaliación trimestral: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 nalgunha das avaliacións trimestrais terá dereito a realizar unha recuperación mediante unha proba escrita (que se poderá realizar durante o período desa mesma avaliación ou durante a seguinte) ou volvendo a presentar os traballos requeridos. En todo caso, especificarase a cada alumno ou alumna que se atope nesta situación que contidos debe preparar, dependendo da cualificación concreta que obtivese en cada unha destas partes (proba escrita e traballos).

Recuperación mediante a avaliación extraordinaria: O alumnado que non obteña unha nota igual ou superior a 5 na avaliación final, terá dereito a realizar (nas datas establecidas polo centro) unha recuperación extraordinaria mediante unha proba escrita, na que será avaliado dos contidos correspondentes ás unidades didácticas non superadas durante o curso. O alumnado que teña superada algunha das tres avaliacións pero que non acade unha nota media entre as tres igual ou superior ao 5, terá que recuperar só a parte correspondente ás avaliacións non superadas e a cualificación obtida reflectirá a nota media entre as tres avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

As actividades que se realizarán nesta materia están pensadas para que o seu desenvolvemento na aula favoreza a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións do alumnado. Os principios que rexirán a atención á diversidade na aula serán os seguintes:

Inclusión: A educación inclusiva debe responder á diversidade de todos os educandos a través dunha maior participación na aprendizaxe e reducir a exclusión.

Normalización: Respecto ás medidas de atención á diversidade, priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador, de maneira que aquelas de carácter máis específico ou extraordinario serán adoptadas cando as anteriores sexan insuficientes.

Flexibilidade: Ditas medidas serán flexibles, polo que ao longo do curso poderán suprimirse algunhas ou adoptarse outras novas, dependendo das necesidades do alumnado, que se atopan en constante evolución.

Colaboración: Debido a esa evolución constante do alumnado, será importante realizar unha avaliación continuada da eficacia das medidas adoptadas, mantendo unha colaboración permanente co Departamento de Orientación do centro, así como cos titores e as familias do alumnado.

Partimos de que entre o noso alumnado existe unha diversidade natural polo que respecta aos seus intereses, motivación, técnicas de estudo e características persoais de todo tipo. Tendo en conta simplemente o nivel de motivación e de rendemento académico, encontraremos diferentes tipos de necesidades ás que responderemos mediante as seguintes medidas:

Enriquecemento curricular: Os contidos serán enriquecidos con material extra que poderá atoparse a través do portal web de recursos ou da aula virtual. Para atender particularmente ao alumnado que presente unha alta motivación cara o estudo ou unha gran capacidade creativa, propoñeremos actividades multi-nivel, nas que se fixarán os requisitos mínimos pero permitiranse diferentes niveis de perfeccionamento. Desta maneira, estamos evitando que

este tipo de alumnado teña que realizar tarefas extra: trátase de que todos realicen as mesmas tarefas pero que cada un as desenvolva ao nivel máis axeitado ás súas capacidades, dentro duns requisitos mínimos e xerais para todos.

Actividades de seguimento (plans de reforzo e de recuperación): Os plans de reforzo pretenden ofrecer un apoio personalizado ao alumnado que presente máis dificultades na aprendizaxe dunha materia ou no desenvolvemento dalgunha competencia clave. Implicarán unha secuenciación de actividades durante un tempo determinado e intentarase que o alumnado reflexione de maneira consciente sobre cales son os seus problemas e como poden solucionarse. Respecto aos plans de recuperación, deseñaranse actividades de seguimento para o alumnado que teña que recuperar probas ou traballos pendentes ou para o alumnado que teña que recuperar algunha avaliación.

Atendendo ás medidas específicas de atención dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, estas adoptaranse en función da necesidade específica e de acordo ás indicacións do Departamento de Orientación. En todo caso, procurarase que as medidas adoptadas fagan referencia ás diversas situacións de aprendizaxe propostas na aula. Para promover dun xeito máis concreto a mellora das dificultades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, poderemos propoñer, de resultar apropiado, actividades específicas en cada unidade didáctica que sexan de interese e de axuda para mellorar esas necesidades sen que supoñan unha carga extra de traballo.

O Departamento de Filosofía levaría a cabo unha Adaptación Curricular Individualizada logo de ser detectada a necesidade da mesma nunha avaliación psicopedagóxica dun alumno ou alumna en concreto, sempre en coordinación co Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e o titor/titora correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Desartellamento dos prexuízos e estereotipos sexistas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Creatividade, autonomía e traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita fomentando o espírito crítico.	X
ET.2 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia.	X
ET.3 - Desartellamento dos prexuízos e estereotipos sexistas.	X

	UD 9
ET.4 - Creatividade, autonomía e traballo en equipo.	X

Observacións:

Os elementos transversais propostos para traballar nesta materia baséanse nos catro puntos establecidos no Artigo 19 (Elementos transversais) do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais deses elementos transversais, o Departamento de Filosofía comprométese traballar para o cumprimento dos obxectivos xerais do noso Proxecto Educativo: superar o illamento derivado da situación xeográfica e conseguir unha apertura cara a outras realidades; aprender a respectar a pluralidade lingüística e cultural no mundo; asegurar a igualdade efectiva na educación; conseguir que as relacións na comunidade educativa (co entorno, entre as persoas, coas familias, co medio xeral...), estean baseadas no respecto e na convicción de estar gozando dun servizo público do que todos e todas somos responsables; fomentar a implicación e participación de todos os sectores da comunidade educativa no desenvolvemento das actividades do centro; combater a baixa autoestima e a falta de motivación do alumnado; superar os estereotipos sexistas; respectar o carácter aconfesional do centro; facilitar unha formación que permita a incorporación a unha sociedade de dereito; e propiciar o bo uso das TIC.

En canto aos obxectivos do PEC relacionados coa convivencia, dende o Departamento velarase polo seu cumprimento, tratando de fomentar o coñecemento dos nosos dereitos e deberes como membros dunha comunidade educativa, o respecto polos espazos públicos e polos bens e materiais de uso común que temos no centro, e a conciencia ante a necesidade de expresarse sen facer uso da violencia verbal e sabendo diferenciar os ámbitos e rexistros coloquiais dos académicos e profesionais.

Sempre que sexa posible, o Departamento de Filosofía tratará de colaborar con outros departamentos do centro para traballar de maneira interdisciplinar estes elementos transversais ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na Olimpíada Filosófica de Galicia	O tema proposto para o curso 2023-2024 é: Que é o ocio?			

Observacións:

Atendendo ao tema proposto para o presente curso escolar e ás modalidades de participación propostas, incorporaremos ás unidades didácticas da primeira e da segunda avaliación reflexións relacionadas con esa temática. Propoñeranse ao alumnado indicacións e recursos para poder manexar esas modalidades tanto a nivel técnico como creativo (enriquecemento curricular).

Para a modalidade de vídeo permítese traballar en grupo. O alumnado presentará as súas propostas ante os compañeiros e compañeiras, de maneira que se poidan coavaliar os traballos seguindo unha rúbrica. Para a selección dos traballos presentados, a docente poderá ter en conta a coavaliación do alumnado. Esta actividade terá un carácter complementario á materia pero tamén extraescolar en canto pode implicar a saída do centro para realizar as defensas no caso de que o alumnado resulte seleccionado ou premiado.

As modalidades de realización dos traballos para a etapa de bacharelato serán:

Certame fotográfico: A fotografía debe conter unha pregunta filosófica relacionada co tema proposto.

Curta de vídeo: Consistirá en expresar as propias ideas filosóficas en linguaxe audiovisual. Pode realizarse en diferentes formatos.

Disertación: Realización dunha disertación para analizar e dar unha resposta razoada e argumentada ao problema proposto (máximo 2000 palabras).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Unidades didácticas realmente traballadas en cada trimestre / Porcentaxe dos contidos traballados en cada unidade /Número de sesións adicadas a cada unidade
Metodoloxía empregada
Dificultades atopadas coa metodoloxía / Grao de satisfacción do alumnado coa metodoloxía empregada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Dificultades atopadas coa xestión do espazo na aula e cos recursos empregados / Grao de satisfacción do alumnado cos recursos
Medidas de atención á diversidade
Necesidades atopadas e avaliación da idoneidade das medidas adoptadas
Clima de traballo na aula
Nivel de participación e de benestar emocional observado no alumnado / Grao de satisfacción do alumnado co clima xerado na aula
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dificultades atopadas coa xestión do espazo na aula e cos recursos empregados / Grao de satisfacción do alumnado cos recursos

Descrición:

Para levar a cabo o seguimento e a avaliación do proceso de ensino teranse en conta tanto os resultados obtidos polo alumnado nas diversas unidades didácticas, como o desenvolvemento da propia práctica docente. A avaliación da práctica docente terá un carácter continuo e apoiarse nos datos obtidos a través da folla de cálculo dixital que recolle as cualificacións obtidas polo alumnado; do caderno docente, no que se rexistran as continxencias e dificultades atopadas semanalmente; e dos cuestionarios realizados polo alumnado ao termo de cada unidade didáctica. Con carácter trimestral cubrirase unha folla de seguimento da programación didáctica, na que se revisarán os seguintes aspectos:

Planificación das unidades didácticas: Rexistraranse as unidades didácticas traballadas durante o trimestre, a porcentaxe dos contidos de cada unidade que se traballaron e a adecuación da temporalización programada para cada unidade didáctica. Anotarase as continxencias ou dificultades atopadas, realizando suxestións de mellora.

Resultados: Indicarase o número de alumnos e alumnas que non superan os criterios de avaliación mínimos. Respecto ao alumnado que si supera os criterios de avaliación mínimos, indicarase o grao medio de adquisición das competencias a nivel de grupo (datos que se extraerán da folla de cálculo dixital). Indicarase os posibles problemas detectados e as suxestións de mellora propostas.

Atención á diversidade: Recolleranse as medidas ordinarias e específicas adoptadas que sexan susceptibles de ser melloradas, e as novas necesidades que foran detectadas, xunto coas posibles medidas que se propoñan para resolver esas novas necesidades.

Metodoloxía, actividades, recursos e avaliación: Para estes apartados, teranse en conta os cuestionarios de avaliación da práctica docente realizados polo alumnado, incorporando o grao de satisfacción medio indicado, as continxencias ou dificultades atopadas e as suxestións de mellora propostas.

As propostas de mellora da programación poderán ser levadas á práctica durante un determinado período de proba, especificando se os resultados acadados con dita posta en práctica son ou non satisfactorios. Por último, recolleranse tamén as modificacións requiridas na programación para o vindeiro curso académico.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente realizarase unha avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe (procesual) e unha avaliación da consecución dos obxectivos (final).

A avaliación procesual levarase a cabo durante o desenvolvemento das unidades didácticas do curso e servirá para detectar e corrixir as posibles dificultades que se atopen durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como para comprobar se o camiño cara a consecución das competencias é satisfactorio ou se é necesario realizar algún tipo de axuste como cambiar aspectos relativos á metodoloxía, á planificación e desenvolvemento das actividades, ou á avaliación das mesmas. Tamén servirá para comprobar se o plan de atención á diversidade é axeitado ou se é necesario ter en conta factores engadidos. O caderno docente servirá como instrumento para realizar este tipo de avaliación.

Por outra parte, a avaliación final respecto da consecución dos obxectivos levarase a cabo ao remate de cada avaliación trimestral e ao remate da avaliación ordinaria e servirá para valorar os resultados acadados polo alumnado respecto á consecución das competencias clave. O cómputo dos resultados acadados atendendo ás cualificacións obtidas polo alumnado irá acompañado dunha valoración das dificultades atopadas e dos posibles procesos de mellora da práctica docente para que melloren ditos resultados.

O alumnado participará na avaliación da práctica docente: ao finalizar cada avaliación, realizará un cuestionario (deseñado mediante un formulario en liña) con preguntas acerca da metodoloxía, actividades, recursos e avaliación.

9. Outros apartados